

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 18 DE XULLO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca.
- Decreto polo que se aproba a relación de estradas de titularidade municipal do Concello de Oímbra.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIO**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación 3D, Xogos, e Contornos Interactivos.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mantemento Electrónico.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística.
- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2013/14.

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre la Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Economía e Industria, Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica, a Consellería de Medio Rural e do Mar, a Consellería de Traballo e Benestar, a Axencia Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Española de Bioempresas (ASEBIO), para a organización da Feira Internacional de Biotecnoloxía Española (BIOSPAIN 2014), por un importe total de douscentos setenta e cinco mil euros (275.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de accións de saúde pública no campo do VIH/sida que se desenvolverán na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe total de cento nove mil cento noventa euros (109.190,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura co convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III para a realización en Galicia dun sistema de vixilancia epidemiolóxica molecular da infección por VIH, resistencias transmitidas e tropismo, por un importe total de corenta e cinco mil catrocentos trinta euros (45.430,00 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a evolución no emprego da factura electrónica.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre os proxectos aprobados na segunda convocatoria ININTERCONNECTA 2.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o gasto farmacéutico.

## MEDIO AMBIENTE ACTUALIZA AS TARIFAS PARA A EXPEDICIÓN DE PERMISOS DE PESCA

- *As que se aplican na actualidade están vixentes desde o ano 1994, é dicir, case 20 anos*
- *A medida responde tamén a unha reivindicación dos comités de pesca, xa que os prezos actuais estaban desfasados con respecto a outras autonomías españolas o que dá lugar á práctica dalgúns abusos na utilización dos coutos de pesca*
- *Os ingresos que obtén a Xunta de Galicia por este concepto e polo das licenzas de pesca fluvial non son senón unha pequena parte do que inviste cada ano a Administración galega na protección e defensa dos nosos ríos e das especies que os habitan*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto polo que se actualizan as tarifas e prezos públicos para a expedición dos permisos da actividade de pesca, modificando deste xeito o Decreto 119/1994, do 28 de abril, mediante o cal se fixaban estes prezos.

Este cambio nas tarifas considérase necesario porque na actualidade se manteñen as cotas de hai case 20 anos. Responde esta suba tamén a unha reivindicación feita nalgúns comités de pesca, que entendían que os prezos actuais destes servizos estaban desfasados con respecto aos niveis habituais noutras autonomías españolas o que dá lugar á práctica dalgúns abusos na utilización dos coutos de pesca.

Coa actualización das tarifas, os prezos quedan da seguinte forma:

Categoría	Prezo 1994	Decreto	Prezo actualizado	Modalidade pesca
1ª	9,02		13	Salmón e demais especies
2ª	6,01		8	Reo e demais especies, agás o salmón
3ª	3,01		4	Troita e demais especies, agás o salmón e o reo
4ª	1,50		2	Ciprínidos e demais especies, agás os salmónidos
Pesca sen morte	1,50		2	Nos coutos de pesca sen morte
Pesca intensiva	4,51		6	

Os permisos de primeira, segunda, terceira e cuarta categoría seguirán sendo gratuítos no caso de que sexan para concursos deportivos oficiais e para entidades colaboradoras

non concesionarias titulares dun aproveitamento piscícola (na porcentaxe que lle corresponda) ou coas que exista un convenio.

Estes prezos actualizaranse cada ano o 1 de xaneiro, na mesma proporción que a variación experimentada polo índice xeral de prezos de consumo.

O texto foi sometido ao trámite de audiencia das entidades presente no Comité Galego de Pesca Fluvial (representación de entidades federativas, naturalistas e as entidades colaboradoras de pesca fluvial), que comprenderon a oportunidade e conveniencia desta medida. Tamén foi publicado na páxina web, vía pola que non se presentaron alegacións.

Por outro lado, os prezos actualizados están bastante axustados aos gastos que a actividade piscícola supón para a Xunta de Galicia, máis dun millón de euros, polo que o total de ingresos previstos (por permisos e por licenzas de pesca) ascende a 1,3 millóns de euros.

Os ingresos que obtén a Xunta de Galicia por este concepto e polo das licenzas de pesca fluvial non son senón unha pequena parte do que inviste cada ano a Administración galega na protección e defensa dos nosos ríos e das especies que os habitan.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA UNHA RELACIÓN DE 23 ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELLO DE OÍMBRA, EN OURENSE


- *O artigo 6 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, atribúe ao Consello da Xunta a competencia para aprobar a relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, en defecto do correspondente plan*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o Decreto polo que se aproba a relación e clasificación de 23 estradas de titularidade municipal do Concello de Oímbra, na provincia de Ourense.

A Deputación Provincial de Ourense, con data 14 de xuño de 2013, por instancia do Concello de Oímbra, solicitou a Xunta de Galicia a aprobación da relación de estradas de titularidade municipal do devandito concello, coa petición de que fosen consideradas, para os efectos da catalogación, como redes secundarias, segundo o artigo 10.4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Posteriormente, o 4 de xullo de 2013, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), emite informe favorable á proposta da rede viaria deste concello ourensán.

O artigo 6 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, atribúe ao Consello da Xunta a competencia para aprobar a relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, en defecto do correspondente plan.





A continuación, unha listaxe coas distintas estradas de titularidade municipal no Concello de Oímbra.

Código	Denominación	Lonxitude estrada (m)	Radio mínimo (m)	Ancho medio
OU-53001	OU-1011-O Rosal	1.450	33,01	6,43
OU-53002	OU-1011-Límite Concello de Verín	3.495	23,57	5,28
OU-53003	OU-1010-Portugal	960	24,66	5,53
OU-53004	Rabal-Portugal	1.100	10,23	4,45
OU-53005	OU-1010-Protugal-San Ciprián	450	47,20	4,73
OU-53006	OU-1013-Oímbra-San Ciprián	1.995	37,56	5,45
OU-53007	OU-1013-Portugal	2.430	76,48	6,92
OU-53008	Acceso Portugal-Portugal (antiga)	562	155,07	5,50
OU-53009	Acceso Portugal-Videferre	1.380	12,85	4,79
OU-53010	OU-1013-Variante Videferre	940	23,99	4,61
OU-53011	Videferre-Medeiros	4.370	10,44	5,44
OU-53012	OU-1013 (p.q. 11+835)-Espinho	865	26,81	5,86
OU-53013	OU-1013 (p.q. 11+240)-Espinho	615	19,08	5,35
OU-53014	OU-1013 (p.q. 11+300)-Espinho	1.350	116,06	6,00
OU-53015	OU-1013-A Granxa	1.360	12,51	5,25
OU-53016	OU-1013-Medeiros	2.455	15,94	6,01
OU-53017	OU-1013-Casas dos Montes	495	63,94	4,33
OU-53018	A Granxa-Casas dos Montes	285	35,68	3,97
OU-53019	OU-1013-As Chas	2.040	29,55	4,70
OU-53020	OU-1013-A Granxa	6.253	29,05	6,43
OU-53021	Límite Concello-OU-1010 (Oímbra-Rabal)	385	52,29	5,00
OU-53022	Acceso a Casas dos Montes	590	22,35	4,70
OU-53023	Oímbra-Acceso Río	1.210	137,81	5,29
	Lonxitude total das estradas provinciais....	37.035		
	Número de estradas municipais.....	23		

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN SUMA EN MENOS DE CATRO ANOS 75 CURRÍCULOS DE FP ADAPTADOS ÁS NECESIDADES DOS SECTORES PRODUTIVOS GALEGOS**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos currículos de tres ciclos formativos máis, axustándoos tamén ás exixencias da Lei das cualificacións profesionais*
- *Ademais, aprobouse o currículo do título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística, enmarcado nas ensinanzas artísticas de réxime especial*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten xa adaptados ás necesidades dos sectores produtivos de Galicia un total de 75 currículos de formación profesional -30 de grao medio e 45 de grao superior-, un complexo proceso que desenvolveu en menos de 4 anos. Seguindo por esta senda, o Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á modernización de tres títulos máis, axustándoos ademais ás esixencias da Lei das cualificacións profesionais.

En concreto, hoxe pasaron a aprobación da reunión semanal do Goberno galego os currículos do grao medio correspondente ao título de técnico en Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación; e os de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en Animación 3D, Xogos, e Contornos Interactivos; e de técnico superior en Mantemento Electrónico. Ademais, aprobouse o currículo do título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística, enmarcado nas ensinanzas artísticas de réxime especial.

### **Obras de Interior**

No que atinxe ao de técnico en Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación, as persoas que obteñan este título poderán exercer a súa actividade no sector da construción, tanto en empresas como en administracións públicas, desenvolvendo traballos de obras de interior e decoración para construción, rehabilitación, mantemento e reforma en edificación e obra civil. Neste eido poderán ocupar postos de traballo como o de xefe de equipo de revestimentos con pastas e argamasas, de persoal azulexador e solador, de persoal instalador de sistemas prefabricados de xeso laminado ou falsos teitos ou de pintores e empapeladores. Así mesmo, poderán traballar como aplicador de revestimentos continuos de fachadas, revocador de construción, azulexado ou solador, xunteiro de placa de xeso laminado, ou como instalador de placa de xeso laminado, falsos teitos, sistemas de anteparos e empanelados técnicos ou de pavimentos elevados rexistrables. Ademais, poderán desempeñar funcións de colocador de prefabricados lixeiros, pavimentos lixeiros, ou moqueta; e como pintor de interiores, de obra e de fachadas ou como decorador de interiores.

### **Animación 3D e Mantemento Electrónico**

Respecto do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación 3D, Xogos, e Contornos Interactivos cómpre salientar que o mercado evoluciona cara a profesionais polivalentes con capacitación para exercer a súa actividade profesional na fabricación de produtos de animación en 2D e 3D, así como en multimedia interactivo, realizando todas as actividades relacionadas co deseño, a conceptualización a planificación dos proxectos e a súa execución. Todas estas actividades relaciónanse co cine, o vídeo, a televisión, o DVD, os videoxogos, a internet e novos sectores emerxentes, como as producións específicas para telefonía móbil.

Os titulados deste ciclo poderán traballar no sector da produción audiovisual (cine, televisión e vídeo), da animación 2D e 3D, e do multimedia interactivo e non interactivo, así como en publicidade e en empresas relacionadas coa internet e os novos medios. Os labores que poderán desenvolver serán os de animador 3D ou 2D, intercalador, modelador 3D, grafista dixital, xerador de espazos virtuais, técnico de efectos especiais 3D, integrado de multimedia audiovisual, desenvolvedor de aplicacións e produtos audiovisuais multimedia, técnico en sistemas e realización en multimedia, e de editor de contidos audiovisuais multimedia interactivos e non interactivos.

Da mesma forma, tamén supón unha grande oportunidade de emprego para os titulados no ciclo de grao superior en Mantemento Electrónico a necesidade de persoal técnico superior con gran especialización na supervisión, na reparación e no mantemento de infraestruturas e equipamentos de telecomunicacións, sistemas de seguridade electrónica, redes de comunicación, equipamentos de domótica e inmótica, sistemas de telefonía, equipamentos de son e imaxe, sistemas informáticos e equipamentos electrónicos industriais, cun incremento no desempeño de funcións de xestión, planificación, calidade e prevención de riscos laborais. Así, quen obteña este título poderá traballar en empresas dedicadas ao mantemento e á reparación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións, sistemas microprocesados, redes de banda larga, telemática e radiocomunicacións, así como equipamentos industriais e profesionais de audio e vídeo. Nelas desempeñarán labores de técnico en supervisión, verificación, reparación e mantemento de equipamentos de sistemas de radio e televisión, e sistemas de produción audiovisual; de sistemas domóticos, inmóticos e de seguridade electrónica; e de redes locais e sistemas telemáticos. Así mesmo, poderán traballar como técnico en supervisión, verificación e control de sistemas de radioenlaces, e como técnico en reparación e mantemento de equipamentos profesionais de audio, de vídeo ou equipamentos industriais.

### **Artes Plásticas e Cerámica Artística**

Respecto do grao superior en Artes Plásticas e Cerámica Artística, as persoas que cursen estes estudos poderán decantarse ben pola vertente máis artística e artesanal, ben pola máis ligada ao deseño e á produción industrial. Neste eido poderán traballar



como ceramista, esmaltador, modelador e moldeador de cerámica e porcelana, e como creador de obra orixinal cerámica destinada a funcións ornamentais e ou utilitarias, na construción, na edificación e na decoración interior e exterior.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN CONXELA OS PREZOS DE TODAS AS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS PARA GARANTIR QUE NINGUNHA PERSOA TEÑA QUE ABANDONAR OS SEUS ESTUDOS POR MOR DA CRISE**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que establece os prezos para a obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2013/14*
- *Este decreto certifica que Galicia terá as taxas máis baixas do Estado, tal e como comprometera o goberno da Xunta*
- *Os prezos recibiron informe favorable no Consello Galego de Universidades*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos títulos universitarios de carácter oficial no ensino universitario para o curso 2013/14, a través do cal a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conxela os prezos públicos en todas as matrículas universitarias. Deste xeito, Galicia consolídase como unha das comunidades autónomas cos prezos de matrícula de grao e máster máis baixos de España. Cómpre lembrar que este é o segundo curso consecutivo en que Galicia mantén conxelados os prezos de 1ª matrícula de grao universitario, engadindo agora o resto das matrículas a este non incremento, o que supón unha clara aposta do Goberno galego por que ningunha persoa teña que abandonar os seus estudos por mor da crise económica.

Os prezos recollidos neste decreto recibiron informe favorable no Consello Galego de Universidades celebrado o pasado 28 de xuño. Unha vez que se publique o presente decreto no *Diario Oficial de Galicia*, cada universidade emitirá unha resolución reitoral que adaptará os procedementos e prazos de matrícula ás disposicións do presente decreto.

### **Máis bolsas de apoio ao alumnado**

Ademais da conxelación dos prezos públicos, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad está a desenvolver unha forte política social no eido universitario, incrementando as liñas de axudas económicas dirixidas ao estudiantado. Neste sentido cómpre lembrar que este 2013 a Consellería convocará por segundo ano consecutivo as axudas para o inicio e continuación de estudos universitarios oficiais de grao dirixidas a aquel alumnado que non cumpre cos novos requisitos académicos exixidos para acceder ás bolsas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ademais, a Xunta de Galicia incrementa este ano estas axudas nun 71,5% respecto do orzamento destas na anterior convocatoria, o que suporá unha achega de 1 millón de euros para esta iniciativa. Desta bolsas poderían beneficiarse arredor de 1.500 estudantes.

Ademais, convocarase unha nova liña de axudas para a matrícula en cursos oficiais de máster durante o curso 2013/14. Esta acción vai dirixida ás persoas en situación de desemprego, co fin de facilitar a súa reincorporación ao mercado laboral mediante unha formación especializada, orientada ao exercicio profesional. Para iso a Consellería

subvencionará o custo da matrícula naqueles máster especialmente orientados ao acceso ao mercado de traballo.

Estas dúas novas convocatorias de bolsas, que suman un total de 1,2 millóns de euros, engádense ás 5 liñas de apoio ao estudiantado universitario que xa foron publicadas ao longo deste ano. As 7 convocatorias supoñen un total de preto de 3 millóns de euros destinados a apoiar o alumnado.

## **BIOSPAIN 2014 CONTRIBUIRÁ A POTENCIAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA EN MATERIA DE INNOVACIÓN E ECONOMÍA PRODUCTIVA**

- ***BIOSPAIN é a feira do sector biotecnolóxico de carácter internacional que se celebra bianualmente en España desde o ano 2003***

O Executivo que preside Alberto Núñez Feijoo aprobou un acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Economía e Industria, a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica, a Consellería de Medio Rural e do Mar, a Consellería de Traballo e Benestar, a Axencia Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo, o Concello de Santiago, e a Asociación Española de Biotecnoloxía Española (ASEBIO), por un importe de 275.000 euros, para a organización da Feira Internacional de Biotecnoloxía (BIOSPAIN 2014).

BIOSPAIN é a feira do sector biotecnolóxico de carácter internacional que se celebra bianualmente en España desde 2003. Por primeira vez, a candidatura de Galicia foi escollida para ser sede deste evento, que terá lugar en 2014, na súa sétima edición.

A celebración de BIOSPAIN contribuirá a potenciar a actividade económica en materia de innovación e economía produtiva na nosa comunidade.

## **SANIDADE DESTINA MÁIS DE 100.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE VIH/SIDA**

- *Aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro que estean interesadas terán un prazo dun mes, desde a súa publicación no DOG, para presentar as solicitudes*
- *A Consellería de Sanidade publica anualmente unha orde de subvencións co fin de facilitar a loita contra esta infección e, deste xeito, axudar a diminuír o risco de padecela para o conxunto da poboación galega*

A Consellería de Sanidade destina un total de 109.190 euros a proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven accións de saúde no campo do VIH/sida no período 2013-2014.

Neste eido, o Consello da Xunta de hoxe aprobou a orde que ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a proxectos de saúde pública relacionados coa infección polo VIH e a sida.

Así, estas entidades, que participan e colaboran desde os seus respectivos ámbitos coa Consellería de Sanidade no esforzo global anti VIH/sida en Galicia, poderán desenvolver novas actividades ou afondar nalgunha das que xa habitualmente realizan.

Nesta orde priorízanse as áreas de especial relevancia onde teñen que centrarse os proxectos, destacando aquelas actividades encamiñadas a facilitar e fomentar o uso do preservativo; promover a realización da proba do VIH ás persoas con prácticas de risco; o desenvolvemento de programas específicos de prevención para homes que teñen sexo con homes e para aquelas persoas que exercen a prostitución e os seus clientes; así como a realización de programas específicos dirixidos aos xa infectados ou os que promove actividades preventivas específicas da transmisión do VIH por vía sexual.

Ademais, outras das áreas de especial relevancia son a educación para a saúde con perspectiva de xénero sobre hábitos sexuais saudables, infección polo VIH e a sida, e outras infeccións de transmisión sexual; así como os programas de loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas por esta doenza.

Aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro que estean interesadas terán un prazo dun mes para presentar as solicitudes, contando a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, publica anualmente unha orde de subvencións co fin de facilitar a loita contra esta infección aínda sen cura e, deste xeito, axudar a diminuír o risco de padecela para o conxunto da poboación galega.



## **SANIDADE E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III ASINAN UN NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN NO CAMPO DO VIH/SIDA**

- *O importe total destinado a esta colaboración é de 45.430 euros*
- *O convenio permitirá vixiar a circulación de cepas virais resistentes*

A Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III asinarán un novo convenio de colaboración para continuar en Galicia co sistema de vixilancia epidemiolóxica molecular da infección polo VIH.

O dito convenio terá validez ata finais de 2014. O importe total destinado a esta colaboración é de 45.430 euros.

A infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH) e a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) constitúen un problema sociosanitario de primeira magnitude.

A epidemia do VIH segue a espallarse, observándose nos últimos anos cambios na evolución da epidemia en canto ás vías de transmisión e poboacións máis afectadas.

Por iso, desde o campo da saúde pública é de gran interese realizar a vixilancia epidemiolóxica das cepas causantes das novas infeccións en Galicia, así como obter información sobre grupos poboacionais entre os que se estean a transmitir variantes virais con maior rapidez, por se for necesario reforzar ou implementar medidas preventivas para o seu control.

Ademais, desde a aparición do tratamento antirretroviral de grande eficacia experimentouse un aumento na calidade e na esperanza de vida das persoas afectadas, pero tamén comezaron a desenvolverse resistencias do virus a algúns destes tratamentos.

Por este motivo, é fundamental vixiar a circulación de cepas virais resistentes dunha maneira centralizada e que permita unha visión global, de aí a razón de centralizar esta vixilancia no Instituto Carlos III.

A información obtida vainos permitir tamén elaborar pautas de tratamento axeitadas a cada paciente, o que vai mellorar as súas opcións terapéuticas e evitar a diseminación de variantes virais resistentes e multirresistentes. Ademais evita a aparición de novas cepas resistentes o axustar ao tratamento á resistencia de cada paciente.

## **MÁIS DO 44% DO IMPORTE FACTURADO Á XUNTA ESTE ANO RECIBIUSE EN FORMATO ELECTRÓNICO**

- *Galicia foi pioneira na implantación da factura electrónica hai máis de tres anos e actualmente é a única autonomía cun nivel alto de implantación*
- *Máis do 30% das facturas dos provedores da Administración autonómica xa son electrónicas, o que permite un aforro de 3,5 euros por cada unha delas*
- *O sistema achega transparencia xa que cada provedor pode comprobar en todo momento en que situación está a súa factura*
- *A Administración do Estado comeza a dar os primeiros pasos e en máis da metade de comunidades aínda non existe este sistema*
- *En Galicia rexistráronse preto de 37.000 facturas electrónicas, con máis de 633 millóns de euros pagados*
- *Un total de 3.738 empresas e 1.369 usuarios da Administración empregan este mecanismo coa Administración galega*
- *Este sistema axiliza os pagamentos, proporciona un mellor servizo, reduce custos e ofrece unha xestión moderna, rápida e eficaz*

Máis do 44% do importe facturado á Xunta este ano recibíuse xa en formato electrónico, un sistema no que Galicia foi pioneira na súa implantación e que permite axilizar os pagamentos e ofrecer un mellor servizo aos cidadáns e as empresas. Dende a súa posta en marcha, en febreiro de 2010, rexistráronse 36.691 facturas electrónicas, máis do 30% do total das emitidas por provedores, con máis de 633 millóns de euros pagados.

Así se reflicte nun informe presentado hoxe ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, sobre o Sistema de Facturación Electrónica (SPE) que recolle que a utilización da factura electrónica medrou progresivamente dende a súa posta en marcha. O importe facturado a través deste sistema pasou do 21% en 2010 –ano da súa implantación en Galicia- ao 42,7% en 2012, máis do dobre. Esta porcentaxe situouse xa no 44% a data 15 de xullo de 2013. Por cada factura electrónica tramitada acádase un aforro de 3,5 euros.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade en implantar a factura electrónica, posta en servizo en febreiro de 2010. Na actualidade é a única autonomía cun nivel alto de utilización, mentres que a implantación deste mecanismo é practicamente nulo a nivel do Estado e na maioría de comunidades aínda non está implantado. De feito, a Administración central está a dar os primeiros pasos na súa implementación. Neste senso, Galicia xa está en disposición de cumprir a maioría das esixencias que incorporará a futura Ley de Factura Electrónica do Estado.

Segundo o informe da conselleira de Facenda, en Galicia xa empregan o Sistema Electrónico de Facturación un total de 3.738 empresas e 1.369 usuarios da

Administración. O sistema presta servizo a todas as consellerías da Xunta e a 29 entidades do sector público autonómico, e tamén está preparado para prestar servizo á administración local.

### **Vantaxes**

A través do Sistema Electrónico de Facturación, Galicia iniciou en 2010 un proxecto pioneiro co obxectivo de ofrecer na Comunidade unha xanela única para a entrega de facturas electrónicas e o acceso a información sobre o estado de tramitación das mesmas, na liña marcada pola Lei de Transparencia e polas políticas de impulso á e-Administración. Este mecanismo está regulado a través do decreto 3/2010, que desenvolve a utilización de medios electrónico, informáticos e telemáticos na contratación pública. O sistema achega transparencia porque cada provedor pode comprobar en cada momento en que estado de tramitación está a súa factura.

Con este mecanismo, a Administración galega está proporcionando un mellor servizo a cidadáns e empresas, ao mesmo tempo que reduce custos, axiliza os tempos de pagamentos a provedores e ofrece unha xestión máis moderna, rápida e eficaz. De feito, o sistema de facturación electrónica permite realizar a xestión dende calquera lugar as 24 horas do día; achega máis comodidade ao usuario, porque evita desprazamentos e esperas; e ofrece á máxima seguridade.

Ademais, para facilitar a súa utilización a Xunta ofreceu formación en Cámaras de Comercio e Confederacións de Empresarios, ao tempo que realizou xornadas específicas a colectivos profesionais e campañas de difusión. Galicia foi tamén a primeira comunidade en proporcionar unha solución global a nivel autonómico, tanto no portal de rexistro de facturas como no de provedores e de tramitación.

## **O ININTERCONECTA II MOBILIZA EN GALICIA PRETO DE 153 MILLÓNS EN INNOVACIÓN EMPRESARIAL, MÁIS DO DOBRE QUE NA PRIMEIRA EDICIÓN**

- *As axudas concedidas superan nun 50% a Andalucía e multiplican por 10 a Estremadura*
- *O programa impulsado pola Xunta e o CDTI apoiará na súa segunda convocatoria 79 proxectos innovadores, o triplo que no Innterconecta I*
- *2 de cada 3 empresas das preto de 300 que participan son pequenas*
- *Os centros de coñecemento e grupos de investigación recibirán preto de 34 millóns de euros, case tres veces máis, o que lles permitirá consolidarse e incrementar a contratación de persoal cualificado*
- *Coas dúas convocatorias do Innterconecta Galicia suma 215 millóns de euros mobilizados a través de máis dun cento de proxectos que promoven a innovación en áreas estratéxicas para a Comunidade*

O Innterconecta II permitirá mobilizar en Galicia preto de 153 millóns de euros en innovación empresarial, máis do dobre que na primeira edición, nun total de 79 proxectos de alto impacto, tres veces máis que na primeira convocatoria deste programa promovido pola Xunta a través da Axencia Galega de Innovación en colaboración co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, aprobáronse de xeito provisional axudas por preto de 74,3 millóns de euros a través deste programa cofinanciado polo Fondo Tecnolóxico Europeo, o que supón que cada euro de axuda pública mobilizará outro euro de investimento privado en proxectos que achegan un elevado valor engadido ao tecido empresarial galego e estimulan a creación de emprego.

Neste sentido, nas iniciativas seleccionadas cóntase con 281 grupos de investigación de 32 entidades aos cales se destinarán 33,6 millóns de euros, case tres veces máis que na anterior convocatoria, o que lles permitirá consolidarse e incrementar a contratación de persoal cualificado.

Nos proxectos apoiados participan 292 empresas galegas, das cales 2 de cada 3 son pequenas, unha porcentaxe que se eleva ao 70% incluíndo ás medianas. A participación privada multiplícase por tres con respecto á anterior convocatoria, pasando de 106 a 292 empresas beneficiadas, o que reflicte o forte interese do sector empresarial en levar a cabo proxectos innovadores que melloren a súa competitividade.

As axudas concedidas en Galicia nesta segunda convocatoria do Innterconecta superan con creces ás aprobadas nas outras dúas comunidades autónomas participantes. Así, son un 50% superiores ás de Andalucía, onde se aprobaron axudas por 49,5 millóns, e multiplican por dez ás concedidas en Estremadura, con arredor de 7 millóns de euros.

Para participar no Innterconecta os proxectos teñen que contar cun elevado compoñente tecnolóxico así como cun importante potencial de internacionalización. A iniciativa promove a colaboración público-privada entre as administracións, os sectores produtivos e os axentes de innovación en beneficio da mellora competitiva do tecido empresarial.

A contribución da Xunta, que ahega un 20% das axudas, permitiu rebaixar de 5 millóns a 1,5 millóns o límite mínimo dos proxectos, dos que tiñan que formar parte cando menos tres empresas de distinto tamaño e contar coa participación, nun mínimo do 15% do presuposto, de organismos de investigación.

### **Incremento na taxa de éxito**

Aprobáronse preto dun 70% dos proxectos presentados inicialmente, o que supón triplicar a taxa de éxito con respecto á anterior convocatoria, na cal obtiveron financiamento preto dun 30% das solicitudes presentadas ao Innterconecta. O orzamento medio por proxecto sitúase en preto dos 2 millóns de euros, cun número medio de 3,7 empresas participantes por iniciativa.

Os proxectos seleccionados desenvolveranse en sectores como a enerxía, o medio ambiente e a loxística, en que se mobilizarán 37 millóns de euros; a saúde e o benestar, con proxectos que suporán 27,8 millóns; ou a nanotecnoloxía, os materiais e as tecnoloxías da produción, con 27,9 millóns. Así mesmo, o Innterconecta impulsará a innovación no naval, onde se investirán 17,8 millóns, ou na automoción, con proxectos por 9,6 millóns de euros. Entre os sectores beneficiados tamén se atopan as TIC ou a construción.

Estes resultados teñen que ver directamente co esforzo coordinado entre a Consellería de Economía e Industria e o CDTI para incrementar a achega de fondos públicos, así como na iniciativa e na capacidade de cooperación entre os axentes innovadores de Galicia e o tecido empresarial en continuo ascenso.

Estas cifras súmanse ás da anterior convocatoria, na cal se aprobaron 26 proxectos nos que están a participar un total de 106 empresas, mobilizando 61,5 millóns de euros. Coas dúas edicións, o programa Feder-Innterconecta permitirá a mobilización de 215 millóns de euros a través de máis dun cento de proxectos que promoven a innovación en áreas estratéxicas para a Comunidade.



## **SANIDADE ACADA UN AFORRO DE 61,67 MILLÓNS DE EUROS NA SÚA FACTURA FARMACÉUTICA NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2013**

- *Isto supón unha diminución do 15,10% do gasto respecto ao mesmo período do ano anterior*
- *O gasto medio por receita acadou unha cifra no mes de xuño de 11,59 euros, un 1,59% menos comparado co mesmo mes de 2012*
- *O gasto farmacéutico en Galicia situouse no ano 2012 e no primeiro semestre de 2013 a niveis do ano 2004*
- *Este aforro acadouse grazas á implicación dos profesionais na aplicación das distintas medidas postas en marcha polo Ministerio e polo Sergas*
- *Os pensionistas achegaron neste ano de aplicación do RDL16/2012 unha media de 3,86 euros ao mes e deixaron de adiantar 15,3 millón de euros por ter aplicados os topes*

A Consellería de Sanidade informou o Consello da Xunta sobre o gasto farmacéutico de receita entre o mes de xaneiro e o mes de xuño de 2013, no que se rexistrou un aforro de 61,67 millóns de euros respecto ao mesmo período do ano 2012. Isto supón unha diminución do 15,10% do gasto no dito período.

Ademais, o gasto medio por receita neste primeiro semestre continúa diminuindo, acadando unha cifra no mes de xuño de 11,59 euros, un 1,59% menos comparado co mesmo mes de 2012.

Con este resultado, e continuando con esta tendencia decrecente, o gasto farmacéutico en Galicia situouse no ano 2012 e no primeiro semestre de 2013 a niveis do ano 2004.

Así, os aforros obtidos permitirán garantir a solvencia e facilitarán a sustentabilidade do Sistema sanitario galego. Ademais, promoverán unhas terapias máis seguras, eficientes e de calidade na asistencia aos usuarios.

Este aforro acadouse grazas á aplicación das medidas contidas no RDL 16/2012, e a outras como a prescrición electrónica na nosa comunidade, que a día de hoxe é do 97% do total, mentres que a dispensación electrónica xa é do 100%.

### **Un ano de aplicación do RDL16/2012**

Desde a entrada en vigor do RDL16/2012, o 1 de xullo do ano 2012, que deixa exentos de achega ao 3,75% dos cidadáns galegos, máis de 2 millóns de pacientes recolleron medicamentos financiados, ao tempo que se dispensaron preto de 61 millóns de receitas.

Grazas ao desenvolvemento da receita electrónica a Xunta establece o tope máximo de achega en función da renda, de maneira que os pensionistas non teñen que adiantar cantidade ningunha. A media de achega dos pensionistas galegos foi de 3,86 euros ao mes, e a Xunta evitou que tiveran que adiantar un total de 15,3 millóns de euros neste ano.

### **Novas medidas implantadas**

O Servizo Galego de Saúde ampliou o Programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias; reforzou o Programa de fomento de boas prácticas de prescrición, centrado este ano no uso eficiente e responsable dos inhibidores da bomba de protóns e nas estatinas; así como tamén desenvolveu o Programa de mellora na calidade na atención ao paciente polimedicado.

Ademais, desde Sanidade, a través dos seus profesionais e as sociedades científicas, traballouse conxuntamente coa Comisión Autónoma de Farmacia para acadar unha xestión eficiente dos recursos farmacoterapéuticos e aumento da seguridade, calidade e equidade na atención aos usuarios.

Doutra banda, o incremento da porcentaxe de facturación de envases xenéricos fixo que Galicia pasase a ocupar unha posición intermedia en relación coas outras comunidades autónomas, posición que segue ocupando na actualidade; mentres que no ano 2009 Galicia se situaba na última posición.

A Consellería de Sanidade agradece aos profesionais médicos o esforzo realizado na aplicación das medidas propostas e que permitiu acadar un 97% da prescrición electrónica e máis dun 38% de prescrición de xenéricos. Grazas tamén ao esforzo dos profesionais das farmacias alcanzouse o 100% de dispensación electrónica.